

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS Á SITUACIÓN DE PANDEMIA

Índice

1		
1.	EDUCACIÓN FINANCEIRA 2º ESO.....	3
1.1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
1.2	Avaliación e cualificación	3
1.3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	4
1.4	Información e publicidade	4
2.	I.A.E.E. 4º ESO Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.....	5
2.1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	5
2.2	Avaliación e cualificación	6
2.3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	7
2.4	Información e publicidade	7
3.	ECONOMÍA 4º ESO.....	8
3.1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	8
3.2	Avaliación e cualificación	9
3.3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	9
3.4	Información e publicidade	10
4.	ECONOMÍA 1º BACHARELATO.....	11
4.1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	11
4.2	Avaliación e cualificación	11
4.3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	12
4.4	Información e publicidade	13
5.	ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACH	14
5.1	Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	14
5.2	Avaliación e cualificación	14
5.3	Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	14
5.4	Información e publicidade	15

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

6. FUAX 2º BACHARELATO Fundamentos de Administración e Xestión-	16
6.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	16
6.2 Avaliación e cualificación	16
6.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.....	16
6.4 Información e publicidade	17

PROFESORA: Rosa Brandón Rodríguez

IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

10/05/2020

1. EDUCACIÓN FINANCEIRA 2º ESO

1.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CONTIDOS VISTOS 1ª E 2ª AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES
B1.1. Educación financeira. B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira	B1.1 Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida.	EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais.
B1.4. Renda persoal: consumo e aforro. B1.6. Aforro e investimento. B1.7. Rendibilidade e risco no investimento.	B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida.	EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco e recoñece os beneficios da diversificación. EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar.
B2.1. Planificación financeira ao longo da vida. B2.2. Orzamento persoal e familiar	B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar.	EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar.
B3.8. Tarxetas bancarias: natureza, características e clasificación. B3.9. Recomendacións de seguridade no uso das tarxetas.	B3.3. Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade.	EFNB3.3.1. Examina as características físicas das tarxetas, identifica os elementos integrantes e argumenta a súa utilidade principal. EFNB3.3.2. Observa as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias.

1.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos Considérase moi positiva a valoración do seu traballo diario durante este terceiro trimestre. A avaliación do proceso de aprendizaxe, realizarase a través dunha serie de actividades propostas e do control da realización e entrega das mesmas á profesora nas datas marcadas.</p> <p>Instrumentos Tarefas onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos, mediante a análise de novas de actualidade económica. Revisión dos traballos, enviados para a súa corrección. Exames: ás persoas que teñan algunha avaliación suspensa e non realizaran os traballos que se propuxeron a partires do 15/3, ou aquelas que a pesares de realizalos, non acadaron os obxectivos, deberanse someter a un exame oral por videoconferencia, sobre os contidos vistos na aula sobre a parte que teñan suspensa.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación (ou das súas recuperacións, en caso de que non estivesen superadas) e terase en conta o interese na materia así coma os traballos realizados e presentados dende o 15/3 (isto supoñerá engadir como máximo 1 punto á media). O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p>
Proba extraordinaria	<p>Realizarase un exame escrito ou oral por videoconferencia (se a situación non permite o regreso ás aulas). Os contidos serán os vistos nas dúas primeiras avaliacións e os estándares</p>

de setembro	mínimos os expostos neste texto.
-------------	----------------------------------

1.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	Propúxoselles ver o filme In Time , do que cumpría que respondesen unha serie de cuestións que debían remitir á profesora nunha data tope fixada previamente. Envíanselles diversas noticias de actualidade e propóñenselles preguntas sobre elas; deste xeito poñen en práctica os coñecementos adquiridos na aula ata o 13/03 e tamén os relacionan co momento que estamos vivindo a nivel económico.
Metodoloxía	Esta é unha disciplina aberta, que se modifica cada día, a partir da evolución económica e social do tecido empresarial. De aí a importancia de facilitar ao alumnado diversidade de fontes a través das que podan profundar no contido concreto sobre o que versa o tema: filmes, novas de actualidade, enlaces de internet... Un dos obxectivos clave nesta materia é que o alumnado comprenda como é o mundo no que vive, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan.
Materiais e recursos	Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico. Todos teñen esa posibilidade ao seu alcance. Os traballos pódenos presentar coma documento de texto elaborado nun computador ou realizando unha fotografía do caderno onde estean resoltas as preguntas plantexadas. Fixéronse algunhas conexións por videoconferencia pero, debido a que se conectaban moi poucos, decidiuse prescindir deste medio e quedar só co correo electrónico.

1.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso. Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos titores, ben directamente coas familias. Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com
---------------------------------------	--

2. I.A.E.E. 4º ESO Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

2.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

CONTIDOS VISTOS 1ª E 2ª AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES
<p>B1.1. Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.</p> <p>B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.</p>	<p>B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.</p>	<p>IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.</p>
		<p>IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</p>
<p>B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.</p>	<p>B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.</p>	<p>IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</p>
<p>B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.</p> <p>B2.2. Elementos e estrutura da empresa.</p> <p>B2.3. Plan de empresa.</p> <p>B2.4. Planificación na empresa</p>	<p>B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc.</p>	<p>IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.</p>
		<p>IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).</p>
		<p>IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</p>
		<p>IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</p>
<p>B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e</p>	<p>B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á</p>	<p>IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.</p>

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

pagamento. Arquivo.	tramitación documental empresarial.	IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.
B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios). B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación.	B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financiera. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas. B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal.	B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financiero a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.

2.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Considérase moi positiva a valoración do traballo diario.</p> <p>A avaliación do proceso de aprendizaxe, realizarase a través dunha serie de actividades propostas e do control da realización e entrega das mesmas á profesora nas datas marcadas.</p> <p>Instrumentos</p> <p>Tarefas onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos.</p> <p>Revisión dos traballos, enviados para a súa corrección.</p> <p>Exames: ás persoas que teñan algunha avaliación suspensa e non realizaran os traballos que se propuxeron a partires do 15/3, ou aquelas que a pesares de realizalos, non acadaron os obxectivos, deberanse someter a un exame oral por videoconferencia, sobre os contidos vistos sobre a parte que teñen suspensa.</p>
Cualificación final	<p>Nesta materia, a avaliación é continua (aínda que se terá en conta o traballo realizado ao longo dos dous trimestres; de aí que se fará a media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación e terase en conta o interese na materia así coma os traballos realizados e presentados dende o 15/3 (isto supoñerá como engadir como máximo 1 punto á media).</p> <p>O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p>

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Proba extraordinaria de setembro	Realizarase un exame escrito ou oral por videoconferencia (se a situación non permite o regreso ás aulas). Os contidos serán os vistos nas dúas primeiras avaliacións e os estándares mínimos os expostos neste texto..
---	---

2.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<p>Tiveron que resolver diversos exercicios nos que cumpría cubrir notas de pedido, albaráns e facturas. (isto era o que estabamos vendo na aula antes do 13/03)</p> <p>Propúxoselles ver un filme (PATCH ADAMS) do que cumpría que realizasen dúas tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none">- Responder unha serie de preguntas propostas.- Elaborar unha infografía do mesmo. <p>Deben elaborar un traballo que consiste na organización dunha viaxe europea para 24 alumnos e 2 profesores do noso IES, a un país cuxa moeda sexa diferente do €. Deste xeito poden poñer en práctica os coñecementos adquiridos na aula dende o inicio de curso e ata o 13/03. Este traballo é moi completo e deberán:</p> <ul style="list-style-type: none">- Elaborar un orzamento<ul style="list-style-type: none">- Identificar os posibles gastos que se prevén para realizar esta viaxe- Propoñer actividades coas que financiarse.- Solicitar prezos de traslado, aloxamento, manutención e visitas na cidade elixida.- Elaborar facturas, tiquets...- Calcular os tipos de cambio do € respecto da moeda dese país.- Elaborar un itinerario de visitas na cidade de destino, explicando por que lles parecen interesantes esas visitas a monumentos, museos, parques... para o noso alumnado.
Metodoloxía	<p>Nesta sección trátanse actividades de teoría (que permiten ao alumnado comprobar se adquiriu os coñecementos básicos da unidade) e de práctica (actividades que implican a aplicación dos coñecementos).</p> <p>A actividade proposta permite asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos adquiridos na aula á vida. É necesario que o alumnado teña unha actitude favorábel para conectar o novo que está aprendendo co que xa sabe.</p> <p>Considero que esta actividade pode axudarlles a pensar, e reflexionar sobre o que lles funciona ben e o que non logran facer como se lles pide; deste xeito consolidan formas de actuar de éxito e descartan as demais</p>
Materiais e recursos	<p>Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico. Actualmente, salvados algúns problemas iniciais, todos teñen esa posibilidade ao seu alcance.</p> <p>Os traballos pódenos presentar coma documento de texto elaborado nun computador ou realizando unha fotografía do caderno onde estean resoltas as preguntas planeadas.</p> <p>Os primeiros días fixemos conexións por videoconferencia dado que os exercicios que estabamos resolvendo eran totalmente prácticos e requirían do apoio e supervisión constante por parte da profesora.</p> <p>Unha vez que se lles asignou a actividade da viaxe. Eles contactan coa profesora por correo electrónico para que esta lles solvente as dúbidas que lles poidan ir xurdindo.</p>

2.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso.</p> <p>Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos titores, ben directamente coas familias.</p> <p>Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com</p>
--	---

3. ECONOMÍA 4º ESO

3.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CONTIDOS VISTOS 1ª E 2ª AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES
B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias..
B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.
B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento.
B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.
B3.4. Aforro e endebedamento.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.
B3.7. tarxetas de débito e crédito.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico dos cartos e diferenciar os tipos de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento tarxetas bancarias. ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.
B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta
B6.1. Globalización económica.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica na calidade de vida das persoas e no medio ambiente.	ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional

3.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Considérase moi positiva a valoración do traballo diario do alumnado.</p> <p>A avaliación do proceso de aprendizaxe, realizarase a través dunha serie de actividades propostas e do control da realización e entrega das mesmas á profesora nas datas marcadas.</p> <p>Instrumentos</p> <p>Tarefas onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos ata o 13/03.</p> <p>Revisión dos traballos, enviados para a súa corrección.</p> <p>Exames: ás persoas que teñan algunha avaliación suspensa e non realizaran os traballos que se propuxeron a partires do 15/3, ou aquelas que a pesares de realizalos, non acadaron os obxectivos, deberán someter a un exame oral por videoconferencia, sobre os contidos vistos na aula sobre a parte que teñan suspensa.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación (ou das súas recuperacións, en caso de que non estivesen superadas) e terase en conta o interese na materia así coma os traballos realizados e presentados dende o 15/3 (isto supoñerá engadir como máximo 1 punto á media).</p> <p>O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Realizarase un exame escrito ou oral por videoconferencia (se a situación non permite o regreso ás aulas). Os contidos serán os vistos nas dúas primeiras avaliacións e os estándares mínimos os expostos neste texto.</p>

3.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<p>Seguen cun traballo sobre o libro A VOLTA AO MUNDO DUN FORRO POLAR VERMELLO. Pequena historia da globalización. Levan traballando neste libro todo o curso. Van lendo cada capítulo segundo as indicacións da profesora e deben responder a unhas preguntas que posteriormente remiten para a corrección.</p> <p>Propúxoselles ver un filme (PATCH ADAMS) do que cumpría que realizasen dúas tarefas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Responder unha serie de preguntas propostas. - Elaborar unha infografía do mesmo. <p>Envíouselles unha Unidade Didáctica sobre comercio internacional, que se lles explicou por videoconferencia, posteriormente tiveron que resolver preguntas relacionadas con esta temática e actualmente están realizando un traballo de investigación sobre novas de actualidade en relación con:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O comercio internacional: proteccionismo vs librecambismo. - Globalización económica - Economía e medio ambiente: sustentabilidade <p>Deben resolver cuestións sobre estes textos, de xeito que poñan en práctica os coñecementos adquiridos na aula ata o 13/03 e tamén lles serve para seren quen de relacionar estas novas co momento que estamos vivindo a nivel económico.</p>
Metodoloxía	<p>Esta é unha disciplina aberta, que se modifica cada día, a partir da evolución económica e social do tecido empresarial. De aí a importancia de facilitar ao alumnado diversidade de fontes a través das que poidan profundar no contido concreto sobre o que versa o tema: filmes, novas de actualidade, enlaces de internet...</p> <p>Un dos obxectivos clave nesta materia é que o alumnado comprenda como é o mundo no que vive, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan.</p> <p>Estas temáticas axúdanlles a reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e a analizar as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.</p>
Materiais e recursos	<p>Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico. Todos teñen esa oportunidade ao seu alcance.</p> <p>Os traballos pódenos presentar coma documento de texto elaborado nun computador ou realizando unha fotografía do caderno onde estean resoltas as preguntas planeadas.</p> <p>Entréganselles os cuestionarios, por correo electrónico, nos que se lles indica a data tope para resolvelos e reenvíalos á profesora polo mesmo medio. Asemade fíxase unha data para a conexión por videoconferencia. Nesa reunión, que soe ser unha vez por semana, corríxense as preguntas, en grupo, e razónanse as respostas. Deste xeito acláranse as</p>

posibles dúbidas que lles pudesen xurdir no momento da resolución.
--

3.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso. Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos titores, ben directamente coas familias. Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com
---------------------------------------	--

I.E.S.P. - NEIRA VILAS

4. ECONOMÍA 1º BACHARELATO

4.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

CONTIDOS VISTOS 1ª E 2ª AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES IMPRESCINDIBLES
A economía e a actividade económica Sistemas económicos e estrutura produtiva	Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos. Analizar as características principais do proceso produtivo.	Concepto de economía, escaseza, custo de oportunidade e FPP. Identifica as actividades, os factores e os axentes económicos así coma as súas relacións e os valores que conforman un sistema económico . Explica os fins e funcións do papel do Estado nos distintos sistemas económicos -de economía mixta, capitalista e economía centralizada- e valora as vantaxes e inconvenientes do seu papel na actividade económica.
Funcionamento do mercado	Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	Identifica os factores que condicionan a demanda e a oferta e comprende as causas que equilibran o mercado. Comprende os movementos e desprazamentos das curvas de demanda e oferta así coma as súas representacións gráficas.
Modelos de mercado	Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados	Identifica os diferentes tipos de mercado polo número de empresas que nel interveñen e pola intensidade da competencia.
A produción, os custos e a distribución	Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	Calcula e representa graficamente a función de produción: P.total, P.media e P.marxinal. Calcula e representa graficamente os custos de produción: fixos, variables, totais, medios e marxinais É consciente da importancia da empresa coma axente de distribución. Coñece o concepto e clases de canles de distribución.
Fallos do mercado. Estado do Benestar.	Identificar e explicar os principais fallos de mercado así coma as intervencións do sector público. Valorar o Estado do Benestar e identificar os alicerces e prestacións deste en diferentes países.	Recoñece e pode establecer a relación entre os fallos do mercado e a correspondente intervención do sector público para tentar suavizalos. Identifica e valora a importancia das prestacións do Estado do Benestar.

4.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Considérase moi positiva a valoración do traballo diario do alumnado durante esta fase. A avaliación do proceso de aprendizaxe, realizarase a través dunha serie de actividades propostas e do control da realización e entrega das mesmas á profesora nas datas marcadas.</p> <p>Instrumentos</p> <p>Tarefas coas que o alumnado aplique os coñecementos adquiridos ata o 13/03. Revisión dos traballos, enviados para a súa corrección.</p> <p>Exames: ás persoas que teñan algunha avaliación suspensa e non realizaran os traballos que se propuxeron a partires do 15/3, ou aquelas que a pesares de realizalos, non acadaron os obxectivos, deberanse someter a un exame oral por videoconferencia, sobre os contidos vistos na aula sobre a parte que teñan suspensa.</p>
-------------------	---

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Cualificación final	Farase a media ponderada das notas da 1ª e 2ª avaliación (ou das súas recuperacións, en caso de que non estivesen superadas) e terase en conta o interese na materia así coma os traballos realizados e presentados dende o 15/3 (isto supoñerá engadir como máximo 1 punto á media). O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.
Proba extraordinaria de setembro	Realizarase un exame escrito ou oral por videoconferencia (se a situación non permite o regreso ás aulas). Os contidos serán os vistos nas dúas primeiras avaliacións. E os estándares mínimos os esixidos nesta adaptación da programación.

4.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<p>Rematamos de ver o tema Indicadores económicos: a produción que xa estaba case todo visto na aula o día 13/03.</p> <p>Expliqueilles o tema de Proteccionismo vs Libremercado:</p> <ul style="list-style-type: none">- Co obxectivo de que tomen conciencia das causas e importancia da existencia do comercio internacional, que identifiquen as formas que poden adoptar as relacións económicas entre países e sexan quen de analizar as consecuencias do intercambio desigual entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos e a importancia do comercio mundial de alimentos no século XXI.- Para afianzar os coñecementos, tiveron que responder a unhas preguntas.- Tamén tiveron que facer unha actividade de investigación e elaboración dun traballo a partir de artigos de prensa sobre actualidade económica relacionada con este tema e que tanta importancia ten nesta situación de pandemia. <p>Teñen unha tarefa sobre o libro A VOLTA AO MUNDO DUN FORRO POLAR VERMELLO. Pequena historia da globalización:</p> <ul style="list-style-type: none">- Lectura do libro e elaboración dunha infografía- Actividade de investigación e elaboración dun traballo a partir de artigos de prensa sobre actualidade económica relacionados coa globalización e as súas consecuencias.
Metodoloxía	<p>Esta é unha disciplina aberta, que se modifica cada día, a partir da evolución económica e social do tecido empresarial. De aí a importancia de facilitar ao alumnado diversidade de fontes a través das que poidan profundar no contido concreto sobre o que versa o tema: filmes, novas de actualidade, libros de lectura, enlaces de internet...</p> <p>Un dos obxectivos clave nesta materia é que o alumnado comprenda como é o mundo no que vive, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan.</p> <p>Estas temáticas axúdanlles a reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e a analizar as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.</p> <p>Preténdese que razoen con conciencia crítica as posturas que sosteñen os partidarios e detractores da globalización e que reflexionen sobre a desigual distribución da riqueza no mundo.</p>
Materiais e recursos	<p>Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico. Todos teñen esa posibilidade ao seu alcance.</p> <p>Conexións por videoconferencia:</p> <ul style="list-style-type: none">- nun primeiro momento foron a diario, no horario de clase, para rematar de explicar o tema que estabamos vendo na aula e tamén para explicarlles o Proteccionismo vs Libremercado.- Actualmente, teñen uns días para resolver as tarefas encomendadas e, posteriormente fixamos un día para conectarnos e facer unha posta en común (corrixir e razoar en grupo as cuestións sobre as que realizaron investigacións) deste xeito acláranse as posibles dúbidas que lles pudesen xurdir no momento da resolución. <p>Entréganselles as tarefas por correo electrónico, e indícaselles a data tope para resolvelas e reenvíalas á profesora polo mesmo medio. Asemade fíxase unha data para a conexión por videoconferencia.</p> <p>Os traballos pódenos presentar coma documento de texto elaborado nun computador ou realizando unha fotografía do caderno onde estean resoltas as actividades planeadas.</p>

4.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso. Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos titores, ben directamente coas familias. Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com
---------------------------------------	--

I.E.S.P. - NEIRA VILAS

5. ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACH

5.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Neste nivel, a segunda avaliación tivo lugar o 19 de febreiro; polo que a 13 de marzo estaba practicamente todo o temario explicado.

Só restaba por ver a importancia da I+D+i na empresa. Tratándose dun tema totalmente teórico, resultou moi doada a súa explicación por videoconferencia.

Ademais, tendo en conta que o alumnado deste nivel terá probas de ABAU, nas que non se suprime ningunha parte da materia; parece un absurdo que os estándares mínimos sexan diferentes dos esixidos na programación anual do curso.

5.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Considérase moi positiva a valoración do traballo diario do alumnado, durante esta fase. A avaliación do proceso de aprendizaxe, realizarase a través do seguimento do traballo diario na aula (mediante videoconferencia) e a realización dun exame oral sobre a mesma. unha serie de actividades propostas e do control da realización e entrega das mesmas á profesora nas datas marcadas.</p> <p>Instrumentos</p> <p>Resolución das tarefas de repaso que veñen ao final de cada unidade didáctica. Isto é o que se viña facendo na aula despois das explicacións da profesora, co fin de afianzar conceptos.</p> <p>Exames:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 3ª avaliación: o pasado mércores día 6 de maio, realizóuselles unha proba oral, por videoconferencia, de xeito individualizado que versou sobre os contidos vistos neste terceiro trimestre. Tratouse dunha proba de 9 preguntas e a duración prevista da conexión para cada alumno/a foi de 30 minutos. Ningún/ha esgotou este tempo máximo, a persoa que máis tardou fíxoa en 20 minutos (estaba previsto que se non fosen suficientes eses 30 minutos, se alongaría o tempo necesario, co fin de adaptarse ás necesidades e tempos de cada persoa). - Exames de recuperación: aqueles/as que teñan algunha avaliación suspensa deberanse someter a un exame oral, por videoconferencia e individualizado, co fin de acadar os mínimos esixidos.
Cualificación final	<p>Farase a media ponderada das notas da 1ª e 2ª e 3ª avaliación (ou das súas recuperacións, en caso de que non estivesen superadas).</p> <p>En caso de dúbida, tamén se terá en conta o interese que o alumnado demostre na materia; este pódese seguir coas conexións de videoconferencia que realizamos no horario habitual de clase.</p>
Proba extraordinaria	<p>Realizarase un exame escrito ou oral por videoconferencia (se a situación non permite o regreso ás aulas). Os contidos e os estándares mínimos serán os da programación anual.</p>

5.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Rematamos de ver o tema relativo á importancia da I+D+i na empresa.- Fixemos un repaso de exercicios prácticos da 3ª avaliación.- Fíxoselles un exame oral, por videoconferencia.- Actualmente estamos repasando os temas da 1ª avaliación, para que lles serva a todo o alumnado coma repaso de cara ás ABAU e, aos que teñen esta parte suspensa, para axudarlles a superala máis doadamente.- Ao remate do repaso da 1ª avaliación, realizaremos un exame oral para aquelas persoas que non o superaran no seu momento.- Seguidamente faremos o mesmo coas unidades didácticas vistas nas 2ª e 3ª avaliación (repaso e exame oral).
Metodoloxía	Realizamos conexións nas horas de clase desta materia, por videoconferencia ; e deste xeito podemos seguir a programación sen dificultade. Axuda moito que a parte práctica da materia xa fora totalmente abordada na aula con anterioridade ao 13/03. A parte teórica non supón dificultade tratada mediante videoconferencia.
Materiais e recursos	Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico . Todos teñen esa posibilidade ao seu alcance. Conexións por videoconferencia : <ul style="list-style-type: none">- Realizamos conexións diarias, no horario de clase (4 sesións por semana). Polo que o ritmo de traballo non difire moito do da aula presencial. A profesora entrégalles, por correo electrónico, as Unidades Didácticas e os exercicios propostos, co fin de que todos dispoñan do material sobre o que se vai traballar en cada sesión.

5.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso. Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos tutores, ben directamente coas familias. Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com
--	--

6. FUAX 2º BACHARELATO Fundamentos de Administración e Xestión-

6.1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Neste nivel, a segunda avaliación tivo lugar o 19 de febreiro; polo que a 13 de marzo todo o temario estaba explicado e o alumnado, distribuído en equipos de traballo, atopábase elaborando o seu proxecto de empresa.

Os estándares mínimos esixibles serán, polo tanto, os mesmos que aparecen na programación anual da materia.

6.2 Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos</p> <p>Considérase moi positiva a valoración do traballo diario do alumnado durante esta fase. A avaliación do proceso de aprendizaxe realizarase a través da valoración do proxecto de empresa que deberán presentar coas partes que lles faltaban: Función Comercial e Investimento e Financiamento</p> <p>Instrumentos</p> <p>Instrumentos</p> <p>Resolución, en equipo, das tarefas encamiñadas á presentación dos proxectos empresariais iniciados no primeiro trimestre.</p> <p>Revisión dos traballos, enviados para a súa corrección.</p> <p>Exames: nesta materia, os exames consisten nunha presentación oral, de todos os membros de cada equipo, do proxecto de empresa que están realizando. Neste momento seguen avanzando na elaboración do devandito proxecto e deberano presentar a finais de maio.</p> <p>Trátase dunha materia na que a avaliación é continua e, neste curso académico, todo o alumnado matriculado na mesma, ten a 2ª avaliación superada.</p> <p>O traballo do terceiro trimestre servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p>
Cualificación final	<p>Nesta materia, a avaliación é continua (aínda que se terá en conta o traballo realizado ao longo de todo o curso polo que se fará a media ponderada das notas da 1ª, 2ª e 3ª avaliación; dándolle diferente ponderación a cada trimestre) e tamén se valorará o interese demostrado ao longo do curso.</p>
Proba extraordinaria	<p>Todo o alumnado ten a 2ª avaliación superada polo que, ninguén deberá ir á proba extraordinaria.</p>

6.3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Rematamos de ver a parte de financiamento e investimento. - Reciben asesoramento individualizado, cando así o requiren. - Seguen elaborando, en equipo, o proxecto de empresa. - Recibido o guión das fases do proxecto que restaban por resolver, repartiron os apartados entre os membros que forman cada equipo e, unha vez elaboradas as partes deberanas unir para facer unha presentación dixital conxunta que abranxa todo o proxecto -incluíndo a primeira e a segunda avaliación- de xeito que se poida ter unha visión de conxunto.
--------------------	--

ADAPTACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Metodoloxía	<p>A conexión co alumnado é por correo electrónico, para envío de materiais e tamén para asesoramento.</p> <p>Cando lles xorde unha dúbida contactan coa profesora e esta, intenta resolverlla á maior brevidade posible. Facéndolles aclaracións mediante exemplos, enviándolles enlaces web nos que poden consultar e investigar sobre o obxecto da dúbida.</p>
Materiais e recursos	<p>Dada a situación actual, a comunicación co alumnado é a través do correo electrónico. Todos teñen esa posibilidade ao seu alcance.</p> <p>A profesora entrégalles, por correo electrónico, as Unidades Didácticas, realiza o seguimento do avance na materia e préstalles asesoramento a quen lle formula algunha dúbida, sempre co obxectivo de que dispoñan da axuda necesaria para para levar a bo fin o seu proxecto empresarial.</p>

6.4 Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A profesora contacta co alumnado da materia a través do correo electrónico facilitado por estes e empregado en diversas ocasións durante o curso.</p> <p>Cando o cre necesario, contacta a través da plataforma SIXA, ben por medio dos tutores, ben directamente coas familias.</p> <p>Correo de contacto de Rosa Brandón: rosabprofe@gmail.com</p>
--	---